

WONDER WHEEL

[Woody Allen, 2017]

319

ESTREA EN NUMAX: 22.12.2017 | V.O.S.E. | +7

Wonder Wheel (2017, 101')

Dirección: Woody Allen

Guión: Woody Allen

Elenco: Kate Winslet, Justin Timberlake, Juno Temple, James Belushi, Max Casella, Michael Zegarski, Tony Sirico

Son: Thomas Varga

Montaxe: Alisa Lepselter

Fotografía: Vittorio Storaro

Vestuario: Suzy Benzinger

Dirección de arte: Miguel López-Castillo

Produtoras: Gravier Productions, Amazon Studios (Estados Unidos)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP4K, 2.00:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Cafe Society, 2016

Irrational Man, 2015

Blue Jasmine, 2013

Midnight in Paris, 2011

Balas sobre Broadway, 1994

Manhattan, 1979

Annie Hall, 1977

PREMIOS E FESTIVAIS

Camerimage 2017 (Mellor fotografía

—Victor Storaro—), Hollywood Film

Awards 2017 (Mellor actriz —Kate

Winslet—)

SINOPSE

Nova York, anos 50. As vidas de catro personaxes entrelázanse no medio do balbordo do parque de atraccións de Coney Island: Ginny, unha ex actriz emocionalmente volátil que agora traballa como camareira; Humpty, o operador da famosa nora e marido de Ginny; Mickey, un aposto e mozo socorrista que soña con se converter en escritor; e Carolina, a filla de Humpty, que se agocha duns gánsters no apartamento de seu pai. Unha historia de paixón, violencia e traizón.

«Winslet ofrece a súa interpretación máis poderosa e emocionalmente relevante en máis dunha década»

Eric Kohn, SCREENDAILY



“Gozo moito máis escribindo personaxes femininos ca masculinos”

Conversa con Woody Allen

Por Emanuel Levy

O parque de atraccións

Medrei non exactamente ao pé dun parque de atracción pero si moi preto. Coney Island cando eu era neno xa se atopaba en decadencia. Antes de eu nacer a xente falaba do marabilloso que era ver as luces de Coney Island alumando o océano. Pareceume unha atmosfera axeitada para un filme, coa súa ostentación, invitación á fantasía e a viaxe, mais tamén as súas falsas emocións. E atopábanse ante os meus ollos daquela. Cando ía a Coney Island sempre me abraíaba que había xente a vivir alí, entre todas estas cousas. Criaban alí os seus fillos, uns rapaces que vivían rodeados de visitantes, ruidos, pistolas e música de calíope. Parecíame unha atmosfera moi colorista para empregar no filme. De pequeno encantábame e sempre lle pedía a meu pai que me levase alí mais el case nunca o facía.

Elenco

Contratei un grupo de xente marabillosa. Jim Belushi, Kate Winslet, Justin Timberlake, Juno Temple... todos grandes actores. Fomos moi coidadosos

co proceso de cásting, contemplamos moitas opcións, falamos con moita xente, aínda que realmente non fai falta ser un gran director de cásting para saber que Kate e Justin sempre funcionan. Daquela contrateinos e tentei non influenciarlos moito, deixándoos expresar aquilo que levan de seu e os fai tan emocionantes. Non quero estar enriba deles a lles dicir que non fagan isto ou que fagan aquilo daqueloutra maneira. A miña opinión non tiña grande importancia e moitas veces eles tiraban por un camiño diferente ao planeado e o resultado resultaba mellor e máis natural. De vez en cando cómpre dicirlles se poden falar un pouco máis rápido ou camiñar polo cuarto de vagar. Mais en xeral non tiña que facer nada.

Escribir personaxes femininos

Coido que todos temos unha compoñente masculina e feminina. O certo é que cando comecei a facer filmes e eu era o protagonista custábame crear personaxes encarnados por mulleres. E escribía para homes, sempre para homes. Aí foi cando comecei a miña relación con Diane Keaton, vivimos xuntos un par de anos e aínda despois de finalizada a relación continuamos a ser amigos, aínda até hoxe. Eu estaba impresionado con Diane e comecei a escribir guións pensando nela. Comecei a ollar a través da súa perspectiva, a través dos ollos dunha muller. E comecei a desfrutar con iso. Aaxiña me decatei de que os personaxes femininos eran máis interesantes cós masculinos, tiñan maior complexidade e un grande espectro de emocións. Os personaxes masculinos quedaban máis

simplificados na pantalla, se cadra non na vida real mais si nas películas. Desde esa época gozo moito máis escribindo para mulleres que para homes.

Unha escolla moral

O personaxe de Kate é alguén que nun principio foxe dos problemas, pero meteu a zoca co seu primeiro matrimonio e volveu casar. Logo resultou que a nova parella tampouco a enchía e inicia un romance que mudará a súa vida. A xente fai escollas morais todo o tempo, particularmente en dúas áreas: os negocios e o corazón. Aí fanse cousas que non serían tolerábeis noutros aspectos da vida, mais no amor e na guerra todo vale. No amor e nos negocios, neste caso.

Homenaxes a Tennessee Williams e O’Neil

Nunca fago homenaxes. Mais coido que todo o que escribo ten algunha relación, máis ou menos seria, coa comedia, sempre ten un pé na obra de Tennessee Williams, que foi unha grande inspiración para min, e en Eugene O’Neill. Vexo que continuamente na miña obra agroma da nada, sen eu agardalo, a influencia de O’Neill.

Publicado en: <http://emanuellevy.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Conversaciones con Woody Allen, Jean-Michel Frodon. Paidós, 2002
Woody, David Evanier. Turner, 2016
Maridos y mujeres, Woody Allen. Tusquets, 2004
Todo lo que usted quiso siempre saber acerca del sexo, Woody Allen. Tusquets, 2004
Manhattan, Woody Allen. Tusquets, 1999
Interiores, Woody Allen. Tusquets, 2002
Colección Woody Allen, vols. 1, 2 e 3. Fox [DVD]
Trilogía londinense, Woody Allen. Divisa [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**